

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DE VIGO (UVIGO) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS ESTRATÉXICAS NO CAMPUS AUGA DE OURENSE 2024-2027

Santiago de Compostela, [data/sinatura dixital]

COMPARECEN

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Consellería) nomeado mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14 de abril), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Doutra parte, Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo (UVigo), nomeado mediante o Decreto 110/2022, do 9 de xuño (DOG núm. 117, do 20 de xuño de 2022), en representación desta, e en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario.

Interveñen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose mutua e reciprocamente a capacidade para obrigarse, mediante o convenio para o que previamente

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 138/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101, do 27 de maio de 2024), polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, así como a coordinación do sistema universitario, o fomento e a vertebración das políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación e coordinación de estratexias e programas de I+D+i para a transferencia do coñecemento.

SEGUNDO.- A Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 138/2024, do 20 de maio, é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanzas universitarias correspondentes á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional en relación coas atribuídas polo artigo 31 do Estatuto de Autonomía para Galicia. Correspóndelle planificar a oferta de ensino universitario na Comunidade Autónoma de Galicia, en coordinación coas universidades galegas, incidindo na mellora continua do Sistema universitario de Galicia (SUG) e na súa conexión e adaptación ao contorno, para dar resposta ás necesidades da sociedade actual.

TERCEIRO.- Que a Universidade de Vigo (UVigo) é unha entidade que forma parte do sector público institucional, á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público de educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno, de acordo coa Constitución e coa Lei orgánica do sistema universitario.

CUARTO.- O Horizonte Europa (HE) 2021-2027 é o programa marco de Investigación e Innovación da UE para reforzar as súas bases científicas e o Espazo Europeo de Investigación; impulsar a capacidade de innovación, a competitividade e o emprego en Europa; e cumprir coas prioridades da cidadanía, así como soste os nosos valores e o modelo socio-económico. O programa está baseado en tres piares: Ciencia excelente, Desafíos mundiais e competitividade industrial europea, e Europa innovadora. Sobre estes piares debe fundamentarse o apoio á investigación e á innovación.

A Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027 (RIS3), acorde co Plan da Unión Europea Horizonte Europa e a Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2021-2027, é a estratexia integral para articular todas as actuacións da I+D+i en Galicia, incorporando os grandes obxectivos 2021-2027 da Unión Europea: unha nova política industrial marcada pola sostibilidade, polo Pacto Verde Europeo e pola Transformación Dixital. As grandes metas que se pretenden acadar son: evolucionar o modelo produtivo, gañar competitividade e medrar de forma sostible no tempo, xerando emprego de calidade, e contribuír a dar resposta aos grandes retos e necesidades da sociedade.

O 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación en Galicia para este período, así como o *Plan galego de investigación e innovación 2022-2024*, que concreta este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda, a través da I+D+i, tres grandes retos da economía e da sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a 3 prioridades temáticas transversais, e pola outra, reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de 5 obxectivos estratéxicos, arredor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. O obxectivo estratéxico 1 busca acadar un ecosistema máis aberto e integrado, facilitando a colaboración e o aliñamento coa especialización de Galicia. O obxectivo estratéxico 4 busca apoiar o desenvolvemento das capacidades das persoas, permitindo aproveitar as

oportunidades derivadas do modelo de especialización intelixente e converter a Galicia nunha contorna atractiva para a atracción e a retención do talento, e o obxectivo estratéxico 5 busca impulsar a Marca Galicia como activo para a I+D+i que permita posicionar a Galicia no mundo neste ámbito e apañar investimento externo.

En consecuencia, o presente convenio enmárcase na RIS3 de Galicia 2021-2027, respondendo aos retos 1 (modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación) e 3 (modelo de vida saudable e envellecemento activo da poboación) e ás tres prioridades. Adecúase cos obxectivos estratéxicos 1, 4 e 5, integrándose polo tanto nos programas Integra, Persoas e talento e Posiciona.

QUINTO.- A especialización dos campus constitúe un novo modelo de organización universitaria que xorde despois dunha fonda análise do SUG co obxecto de rexuvenecelos e facelos máis competitivos. Todo isto no marco dun programa que pretende impulsar unha dinámica de especialización dos campus do SUG nunha articulación e agregación harmonizada e complementaria das capacidades docentes e de investigación das universidades galegas arredor de temáticas –dominios de coñecemento ou retos sociais e económicos– en que estas presenten maiores fortalezas ou oportunidades para avanzar cara a maiores niveis de calidade, ben polo prestixio acadado ou porque son un vector de desenvolvemento socioeconómico.

SEXTO.- Para avanzar na implantación desta estratexia en Galicia, a Consellería veu impulsando dende o ano 2013, de xeito pioneiro, a especialización dos campus nas universidades do SUG. Así, púxose en marcha un programa de especialización que levou á sinatura de convenios de colaboración coas tres universidades nos que se financiaron os traballos necesarios para a elaboración dos plans estratéxicos e dos programas de necesidades funcionais dos distintos campus, tendo en conta as súas peculiaridades específicas, sendo obxectivos principais os seguintes:

- Promover a especialización e diferenciación dos campus de acordo cos principios do novo modelo de organización universitaria.

- Establecer o posicionamento e o enfoque estratéxico dos campus con respecto aos ámbitos especializados elixidos.
- Reforzar a colaboración estratéxica entre as estruturas de goberno e os axentes económicos e sociais como vía para fortalecer o papel das universidades como axentes dinamizadores do territorio.
- Facilitar a reestruturación da oferta docente de acordo cos retos sociais e as demandas do tecido produtivo nos ámbitos de especialización dos campus.
- Impulsar a creación de polos de referencia en I+D+i por medio da reorganización, agrupación e especialización das capacidades científicas.

SÉTIMO.- Logo de varias anualidades colaborando no financiamento dos plans de especialización dos distintos campus, a Consellería regulou no ano 2019 o procedemento de acreditación destes, e actualizou o dito procedemento no ano 2024. En virtude das ordes citadas no parágrafo seguinte, cada campus debidamente acreditado, que conte cun plan estratéxico aprobado formalmente pola universidade, dará lugar á posibilidade de sinatura dun convenio de colaboración que contribuirá ao financiamento das actividades desenvolvidas.

O procedemento mencionado no parágrafo anterior estableceuse na *Orde do 10 de setembro de 2019 que regula o procedemento para a acreditación dos campus de especialización do SUG (ED442B)*, publicada no DOG núm. 177, do 18 de setembro de 2019, e modificouse na *Orde do 17 de abril de 2024 pola que se modifica a Orde do 10 de setembro de 2019 pola que se regula o procedemento para a acreditación dos campus de especialización do Sistema universitario de Galicia (código de procedemento ED442B)*, publicada no DOG núm. 83, do 26 de abril de 2024. Trátase dun procedemento aberto que se pode iniciar en calquera momento a través da universidade do SUG á que pertenza o campus.

OITAVO.- O Campus Auga foi o terceiro que iniciou o procedemento para acreditarse como campus de especialización do SUG. Sendo a data de solicitude de acreditación previa á entrada en vigor da Orde de modificación do procedemento do 17 de abril de 2024, mencionada no punto anterior, é de aplicación a disposición transitoria desta, que



exime ao Campus das modificacións do procedemento incorporadas nos apartados un, tres e sete.

O proceso de acreditación desenvolveuse, de acordo co procedemento establecido, da seguinte maneira:

- Con data do 16 de febreiro de 2022, a UVigo presentou a solicitude e a documentación complementaria para a acreditación do Campus Auga como campus de especialización do SUG. Atendendo ao procedemento establecido, a avaliación levouse a cabo a través dun panel de persoas expertas externas ao SUG (Comité de Avaliación), que se encargou de analizar a documentación e elaborar os informes de avaliación.
- Con data do 22 de decembro de 2023, o Comité de Avaliación firma o Informe final de avaliación para a acreditación como campus de especialización do Campus Auga.
- Con data do 30 de xaneiro de 2024 o secretario xeral de Universidades, tendo en conta o Informe final de avaliación e como órgano instructor do procedemento, elevou ao Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional) un informe-proposta sobre a acreditación do Campus Auga.
- Con data do 31 de xaneiro de 2024 o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional) ditou a *Resolución pola que se acredita o Campus Auga como campus de especialización do Sistema Universitario de Galicia*, publicada no DOG núm. 28, do 8 de febreiro de 2024, de acordo co procedemento establecido na Orde do 10 de setembro de 2019 que regula o procedemento. Na devandita resolución establécese que a acreditación estenderase por un período de tres anos dende a data da súa concesión.

DÉCIMO.- A especialización do Campus Auga supón dotalo de identidade científica propia na xeración e transmisión de coñecemento, centrada en 3 temáticas principais: a alimentación funcional, a agricultura e o medio ambiente e a xestión da auga termal. Apoiadas por 3 áreas de soporte (Intelixencia artificial, Economía circular e Lexislación

agroalimentaria e ambiental), estas liñas temáticas actúan a modo de núcleos centralizadores sobre os que se articulan as demais áreas de especialización do Campus (Alimentación sostible, circular e valorización de subprodutos; Biotecnoloxía alimentaria; Trazabilidade e calidade alimentaria; Dieta e alimentos nutracéuticos; Funcións do solo e servizos ecosistémicos; Agricultura de conservación, rexenerativa e resiliente; Agricultura intelixente; Xestión de xacementos de augas termais; Usos indirectos das augas termais; Usos lúdicos das augas termais). Coa súa especialización, o Campus Auga proxéctase como impulsor e dinamizador dun desenvolvemento intelixente, sostible e integrador das cadeas de valor da súa contorna, promovendo, xunto coa xeración e transmisión de coñecemento, o desenvolvemento territorial da súa contorna, a provincia de Ourense e a eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Por conseguinte, as partes asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a UVigo para o desenvolvemento de actuacións estratéxicas co fin de dotar ao Campus Auga dunha identidade propia, estreitamente ligada ás potencialidades económicas da súa contorna, así como dunha maior visibilidade que garanta o seu futuro, tanto a nivel nacional como internacional, tendo en conta o establecido na súa resolución de acreditación.

Os obxectivos son consolidar unha maior especialización, compactidade e calidade da docencia e da investigación no Campus Auga de Ourense.

O orzamento será de 3.256.850 €, distribuídos nas anualidades 2024, 2025, 2026 e 2027, coas actuacións que se resumen no seguinte cadro:



1. GOBERNANZA	2024	2025	2026	2027	Σ período (€)	Σ Total (€)
1.1. Fortalecer elementos que forman estrutura goberno	1.500	3.000	3.000	1.500	9.000	68.900
1.2. Procesos regulares avaliación e informes	0	4.000	4.000	4.000	12.000	
1.3. Kit de comunicación	9.000	12.000	12.000	6.000	39.000	
<i>Deseño da estratexia de comunicación</i>	1.500	-	-	-		
<i>Deseño e construción de canles de comunicación bidireccional</i>	1.500	-	-	-		
<i>Mantemento das canles de comunicación actividades</i>	6.000	12.000	12.000	6.000		
1.4 Creación novo Plan Estratéxico Campus Auga	-	-	8.900	-	8.900	
2. DOCENCIA	2024	2025	2026	2027	Σ período (€)	Σ Total (€)
2.1. Potenciar oferta formativa Campus Auga	5.250	21.000	21.000	10.500	57.750	615.750
2.2. Fortalecer visibilidade e viabilidade títulos Campus Auga	13.500	73.500	73.500	60.500	221.000	
<i>Programas de Visitas e Días de Portas Abertas</i>	5.000	20.000	20.000	10.000		
<i>Xornadas "Coñece o Campus Auga"</i>	4.000	4.000	4.000	4.000		
<i>Programa de visitas a centros de FP e Bacharelato</i>	1.500	3.000	3.000	1.500		
<i>Participación en Feiras de Orientación Educativa</i>	1.500	3.000	3.000	1.500		
<i>Potenciación da feira "Experimenta en feminino"</i>	0	9.000	9.000	9.000		
<i>Programa "Becas Ourense Rural"</i>	0	33.000	33.000	33.000		
<i>Campaña de marketing dixital</i>	1.500	1.500	1.500	1.500		
2.3. Potenciar empregabilidade egresados/as	12.500	31.000	31.000	27.500	102.000	
<i>Xornadas de mentoría e conferencias</i>	0	3.000	3.000	3.000		
<i>Fortalecer a Feira de "EmpregoInCampus" do Campus de Ourense</i>	9.000	14.000	14.000	14.000		
<i>Prácticas curriculares e extracurriculares en empresas</i>	3.500	14.000	14.000	10.500		
2.4. Promover Internacionalización titulacións	6.000	29.000	29.000	15.000	79.000	
<i>Programa "English-friendly"</i>	3.000	8.000	8.000	4.000		
<i>Acordos de cooperación interinstitucional con Universidades estranxeiras</i>	0	1.000	1.000	1.000		
<i>Mobilidade estudiantil e do profesorado</i>	3.000	20.000	20.000	10.000		
2.5. Programa actualización e optimización recursos mat. E inmat. docentes	37.500	50.000	50.000	18.500	156.000	
<i>Novas infraestruturas docentes</i>	10.000	10.000	10.000	0		
<i>Actualización e optimización de equipamento docente</i>	1.500	3.000	3.000	1.500		
<i>Renovación de pequeno equipamento para prácticas</i>	20.000	10.000	10.000	0		
<i>Programa de visitas a industrias</i>	3.000	15.000	15.000	8.000		



Programas de Formación continua do profesorado	3.000	12.000	12.000	9.000		
3. INVESTIGACIÓN	2024	2025	2026	2027	Σ período (€)	Σ Total (€)
3.1. Programas formación e capacitación	80.000	366.000	565.000	340.500	1.351.500	2.240.833
Predoutorais contratados/as	48.000	192.000	336.000	216.000		
Persoal investigador de relevancia	18.000	54.000	54.000	27.000		
Postdoutorais contratados/as	11.000	77.000	132.000	66.000		
Postdoutorais Ramón y Cajal e asimilables captados/as	0	20.000	20.000	20.000		
Estancias de persoal investigador en centros nacionais/internacionais	3.000	15.000	15.000	7.500		
Visitas de persoal investigador nacional/internacional–	0	8.000	8.000	4.000		
3.2. Fortalecemento infraestruturas investigación	200.000	160.000	150.000	0	510.000	
3.3. Programa Proxectos investigación INOU	0	60.000	60.000	30.000	150.000	
3.4. Programa contratación persoal técnico de laboratorio	14.333–	86.000–	86.000–	43.000	229.333–	
4. TRANSFERENCIA E INNOVACIÓN	2024	2025	2026	2027	Σ período (€)	Σ Total (€)
4.1. Creación mapa transferencia/carteira servizos	4.000	--	--	--	4.000	208.700
4.2. Formación emprendemento	3.000	6.000	6.000	3.000	18.000	
4.3. Programa protección resultados investigación	0	5.000	5.000	2.500	12.500	
4.4. Programa financiamento transferencia tecnoloxía	3.000	15.000	15.000	15.000	48.000	
4.5. Eventos Networking e Transferencia	32.200	40.000	40.000	14.000	126.200	
Desenvolvemento de estratexias efectivas de comunicación	6.000	--	--	--		
Organización de congresos, conferencias e simposios de carácter científico.	18.000	20.000	20.000	10.000		
Organización de eventos ou conferencias que fomenten encontro persoal investigador/industria	2.000	8.000	8.000	4.000		
Premios Campus Auga	6.200	12.000	12.000	0		
4.6 Potenciar o I+D+i agroalimentario mediante colaboracións institucionais	0	0	0	0	0	
5. EQUIPO DE XESTIÓN	2024	2025	2026	2027	Σ período (€)	Σ Total (€)
5.1. Programa de internalización da investigación	0	6.500	6.500	3.000	16.000	122.667
5.2. Programa contratación persoal xestor técnico I+D+i	6.667	40.000	40.000	20.000	106.667	
TOTAIS	428.450	1.008.000	1.205.900	614.500		3.256.850

SEGUNDA.- Actuacións

As accións contempladas neste convenio recollen as liñas xerais de colaboración coa UVigo para levar a cabo as seguintes actuacións (5) no Campus Auga, como campus acreditado do SUG no período 2024-2027, tal e como se detalla a continuación:

ACTUACIÓN 1: GOBERNANZA

GOBERNANZA	2024	2025	2026	2027	Σ período (€)
1.1. Fortalecer elementos forman estrutura goberno	1.500	3.000	3.000	1.500	9.000 €
1.2. Procesos regulares avaliación e informes	0	4.000	4.000	4.000	12.000 €
1.3. Kit de comunicación	9.000	12.000	12.000	6.000	39.000 €
<i>Deseño da estratexia de comunicación</i>	1.500	-	-	-	
<i>Deseño e construción de canles de comunicación bidireccional</i>	1.500	-	-	-	
<i>Mantemento das canles de comunicación e actividades</i>	6.000	12.000	12.000	6.000	
1.4 Creación novo Plan Estratéxico Campus Auga	-	-	8.900	-	8.900 €
TOTAIS	10.500	19.000	27.900	11.500	68.900 €

As accións que levarán a cabo os distintos órganos de goberno do Campus Auga terán a finalidade de vertebrar tódolos eixos de especialización estratéxicos, mediante un goberno colaborativo, transparente e comprometido coa igualdade efectiva de mulleres e homes de acordo co Plan de Igualdade do Campus Auga. Para a toma de decisións, os órganos de goberno terán en conta os resultados obtidos e o impacto xerado nos sectores de especialización do Campus Auga: Alimentación funcional, Agricultura e Medio Ambiente e Xestión da Auga termal.

As principais liñas de actuación que se levarán a cabo dende a Gobernanza do Campus Auga serán:

- 1.1. Fortalecer tódolos elementos que forman a estrutura de goberno** (Consello Reitor, Comité consultivo socio-empresarial, Comité consultivo de persoas expertas, Dirección e Comité de Dirección) mediante unha participación colaborativa destes a

través de reunións tanto presenciais como online, atendendo aos principios de transparencia, cooperación e diversidade.

1.2. Procesos regulares de avaliación do desempeño, informes e sistemas de seguimento e de valoración de tódalas accións levadas a cabo dentro do Campus Auga, aliñados cos seus obxectivos estratéxicos.

1.3. Kit de comunicación. Promover canles de comunicación eficientes que permitan a visualización das actividades realizadas no Campus Auga, baixo os principios de transparencia e accesibilidade, e que faciliten a comunicación bidireccional cos axentes económicos e sociais para responder de forma áxil a tódalas necesidades dos sectores implicados.

1.4. Creación dun novo Plan Estratéxico do Campus Auga. Seguindo o *modus operandi* do actual Plan Estratéxico da propia Universidade de Vigo, reformularase o Plan Estratéxico do Campus Auga. A configuración dun *think tank* interno de reflexión estratéxica será o eixo vertebrador desta acción.

ACTUACIÓN 2: DOCENCIA

DOCENCIA	2024	2025	2026	2027	Σ período (€)
2.1. Potenciar oferta formativa Campus Auga	5.250	21.000	21.000	10.500	57.750 €
2.2. Fortalecer visibilidade e viabilidade títulos Campus Auga	13.500	73.500	73.500	60.500	221.000 €
Programas de Visitas e Días de Portas Abertas	5.000	20.000	20.000	10.000	
Xornadas "Coñece o Campus Auga"	4.000	4.000	4.000	4.000	
Programa de visitas a centros de FP e Bacharelato	1.500	3.000	3.000	1.500	
Participación en Feiras de Orientación Educativa	1.500	3.000	3.000	1.500	
Potenciación da feira "Exxperimenta en feminino"	0	9.000	9.000	9.000	
Programa "Becas Ourense Rural"	0	33.000	33.000	33.000	
Campaña de marketing dixital	1.500	1.500	1.500	1.500	
2.3. Potenciar empregabilidade egresados/as	12.500	31.000	31.000	27.500	102.000 €
Xornadas de mentoría e conferencias	0	3.000	3.000	3.000	
Fortalecer a Feira de "EmpregoInCampus" do Campus de Ourense	9.000	14.000	14.000	14.000	
Prácticas curriculares e extracurriculares en empresas	3.500	14.000	14.000	10.500	
2.4. Promover Internacionalización titulacións	6.000	29.000	29.000	15.000	79.000 €
Programa "English-friendly"	3.000	8.000	8.000	4.000	
Acordos de cooperación interinstitucional con Universidades estranxeiras	0	1.000	1.000	1.000	
Mobilidade estudantil e do profesorado	3.000	20.000	20.000	10.000	



2.5. Programa actualización e optimización recursos mat. e inmat. docentes	37.500	50.000	50.000	18.500	156.000 €
<i>Novas infraestruturas docentes</i>	10.000	10.000	10.000	0	
<i>Actualización e optimización de equipamento docente</i>	1.500	3.000	3.000	1.500	
<i>Renovación de pequeno equipamento para prácticas</i>	20.000	10.000	10.000	0	
<i>Programa de visitas a industrias</i>	3.000	15.000	15.000	8.000	
<i>Programas de Formación continua do profesorado</i>	3.000	12.000	12.000	9.000	
TOTAIS	74.750	204.500	204.500	132.000	615.750 €

A dimensión docente do Campus Auga debe estar deseñada para proporcionar ao estudantado unha formación avanzada e específica nos sectores de especialización do Campus Auga: Alimentación Funcional, Agricultura e Medio Ambiente e Xestión da Auga Termal. Mediante as seguintes actuacións estratéxicas que terán en conta o Plan de Igualdade do Campus Auga perseguimos acadar un enfoque especializado e proporcionar unha experiencia educativa robusta e relevante que forme ao alumnado de maneira efectiva para a súa inserción laboral:

2.1. Potenciar a oferta formativa do Campus Auga en torno ás 3 liñas de especialización (Alimentación Funcional, Agricultura e Medio Ambiente e Xestión da Auga termal) con especial atención ás fortalezas que o Campus Auga presenta dentro do sector agroalimentario e termal.

- Promover a oferta de dobres graos mediante a posta en funcionamento dos PCOs Enxeñería Agraria/Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Enxeñería Agraria/Ciencias ambientais ou Enxeñería Agraria/Posible titulación de grao tecnolóxico relacionado coa "sensórica".
- Adaptar a oferta académica ás necesidades socio económicas da contorna, onde a alimentación e un sector agrícola centrado principalmente na viticultura son motores da economía. Por este motivo proporase a creación dun Mestrado en Viticultura e Enoloxía que sería único no SUG. Terá carácter semipresencial co obxecto de poder proporcionar unha oportunidade de formación específica aos e ás profesionais que xa están traballando no sector ou en sectores afíns. A oferta de Mestrados poderíase completar cun Mestrado de Hidroloxía/Termalismo ou un Mestrado en Economía circular do proxecto Galicia 2030 que sexa interuniversitario e coordinado dende o Campus Auga.



- Esperamos poder incluír novas titulacións vencelladas coa "Sensórica" e relacionadas coa transformación tecnolóxica nos sectores agrícolas e alimentario.
- Posta en marcha dun programa de formación continua a través de cursos e seminarios de especialización, tanto para estudantes como para persoas tituladas, coa participación mixta de persoal docente do Campus Auga, dos colexios oficiais e persoal experto do sector produtivo e empresarial.

2.2. Fortalecer a visibilidade e a viabilidade dos títulos do Campus Auga mediante a captación de talento:

- Programas de Visitas e Días de Portas Abertas para aumentar as taxas de matrícula e as notas de corte das titulacións do Campus Auga. Fortalecemento das Xornadas "Coñece o Campus Auga" nas que centros de Formación Profesional e Bacharelato visiten as instalacións do Campus. Programa de visitas a centros de FP e Bacharelato para dar a coñecer tanto a oferta formativa do Campus Auga como as saídas profesionais das titulacións deste mediante a colaboración de egresados/as "Alumni-UVigo".
- Participación en Feiras de Orientación Educativa para proporcionar información detallada ao persoal de orientación e ao alumnado de ensino secundario sobre as titulacións do Campus Auga e as súas oportunidades profesionais.
- Promover a captación de talento feminino para as titulacións das ramas Científicas e Tecnolóxicas mediante a potenciación da feira "Exxperimenta en feminino" co obxectivo de que o alumnado de ESO comprobe a investigación que están a realizar as científicas das titulacións do Campus Auga.
- Potenciar o programa "Becas Ourense Rural" coa finalidade de que estudantes das poboacións rurais da contorna do Campus Auga dispoñan de axudas para o seu desprazamento ao campus e pódase fixar talento no rural ao finalizar os seus estudos.
- Campaña de marketing dixital para realizar deseños da web atractivos e actualizados. Dinamizar a presenza en Redes Sociais en plataformas como



Facebook, Instagram e X para promocionar as titulacións do Campus Auga a través de testemuños de estudantes, eventos e logros.

2.3. Potenciar a empregabilidade das persoas egresadas en coordinación co Comité-consultivo socio-empresarial:

- Realizar Xornadas de mentoría e conferencias cos diferentes colexios profesionais e egresados/as "Alumni-UVigo" das titulacións do Campus Auga.
- Fortalecer a Feira de "EmpregoInCampus" do Campus de Ourense coa presenza dun maior número de empresas/institucións.
- Potenciar as prácticas curriculares e extracurriculares en empresas con axudas á subvención das empresas.

2.4. Promover a internacionalización das titulacións.

- Aumentar a oferta de materias impartidas en inglés nas titulacións do Campus Auga co obxectivo de atraer estudantado internacional. Con este propósito, ao longo do período de acreditación, actuarase conxuntamente, fortalecendo, por unha banda, o programa inglés "English-friendly" da Universidade de Vigo, como primeiro nivel de acceso, e, por outra banda, incrementando, a docencia en inglés, especialmente en materias dos mestrados do Campus Auga.
- Promover acordos de cooperación interinstitucional con Universidades estranxeiras, priorizando a diversificación rexional, para que as e os estudantes do Campus Auga poidan obter o título académico oficial impartido por ambas institucións tras un período de intercambio.
- Estimular a mobilidade estudantil e do profesorado mediante programas de intercambio.

2.5. Programa de actualización e optimización dos recursos materiais e inmateriais docentes.

- Adquisición de novas infraestruturas docentes en laboratorios docentes, aulas e seminarios.

- Actualización e optimización de equipamento docente.
- Renovación do pequeno equipamento para prácticas.
- Potenciar o programa de visitas a industrias.
- Programas de Formación continua do profesorado en novas tecnoloxías e metodoloxías de ensino/aprendizaxe.

Non se considerarán subvencionables os gastos de reparacións.

ACTUACIÓN 3: INVESTIGACIÓN

INVESTIGACIÓN	2024	2025	2026	2027	Σ período (€)
3.1 Programas formación e capacitación	80.000	366.000	565.000	340.500	1.351.500 €
<i>Predoutorais contratados/as</i>	<i>48.000</i>	<i>192.000</i>	<i>336.000</i>	<i>216.000</i>	
<i>Persoal Investigador de relevancia</i>	<i>18.000</i>	<i>54.000</i>	<i>54.000</i>	<i>27.000</i>	
<i>Posdoutorais contratados/as</i>	<i>11.000</i>	<i>77.000</i>	<i>132.000</i>	<i>66.000</i>	
<i>Postdoutorais Ramón y Cajal e asimilables captados/as</i>	<i>0</i>	<i>20.000</i>	<i>20.000</i>	<i>20.000</i>	
<i>Estancias de persoal investigador en centros nacionais/ internacionais</i>	<i>3.000</i>	<i>15.000</i>	<i>15.000</i>	<i>7.500</i>	
<i>Visitas de persoal investigador nacional/ internacional</i>	<i>0</i>	<i>8.000</i>	<i>8.000</i>	<i>4.000</i>	
3.2. Fortalecemento infraestruturas investigación	200.000	160.000	150.000	0	510.000 €
3.3. Programa Proxectos investigación INOU	0	60.000	60.000	30.000	150.000 €
3.4. Programa contratación persoal técnico de laboratorio	14.333	86.000	86.000	43.000	229.333 €
TOTAIS	294.333	672.000	861.000	413.500	2.240.833 €

A mellora da competitividade investigadora asociada a súa internacionalización é esencial para avanzar no coñecemento, promover a innovación e abordar os desafíos actuais das liñas de especialización do Campus Auga: Alimentación Funcional, Agricultura e Medio Ambiente e Xestión da Auga termal. A colaboración multidisciplinar, a captación e consolidación de talento seguindo o Plan de Igualdade do Campus Auga, unhas infraestruturas adecuadas e un enfoque estratéxico son chave para o éxito na mellora da investigación.

As liñas de actuación do campus Auga na dimensión de Investigación son as seguintes:

3.1. Implantación de programas de formación e captación de talento para persoal investigador, estudantes e profesionais co obxectivo de potenciar a súa carreira



investigadora. As convocatorias destinadas a persoal investigador ao comezo da súa carreira garantirán as condicións e esixencias para que, as e os beneficiarios destas, poidan acadar as competencias necesarias que lles permitan, na última fase da súa formación postdoutoral, competir cualificadamente, para obter as acreditacións e axudas que posibiliten a súa estabilización no sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación (Acreditación R3 e Axudas Ramón y Cajal).

- Convocatoria de programas propios competitivos de contratos de investigación, tanto predoutorais (6 contratos por ano) como postdoutorais (2 contratos por ano) incluído persoal investigador destacado (1 contrato adicional) en áreas de interese estratéxico vencellados ás liñas de especialización do Campus Auga.

Contarase coa participación do Comité Consultivo de Persoas Expertas tanto para o deseño das convocatorias como para os comités de selección das candidaturas.

Ademais, na avaliación das candidaturas valorarase positivamente a integración en grupos de investigación vinculados ás áreas de interese do Campus Auga, de acordo cos seguintes baremos:

- Grupo de referencia competitiva (GRC): igual ou superior ao 10%.
- Grupo con potencial de crecemento (GPC): igual ou superior ao 5%.

Os programas de investigación convocados con cargo a esta acción incluírán unha avaliación final de desempeño.

O orzamento proposto permitirá costear os salarios das persoas contratadas, así como a cota a conta da entidade empregadora da seguridade social do persoal contratado e:

- Contratos predoutorais: axudas para a realización de estadías de 3 meses de duración no estranxeiro para optar ao doutoramento internacional e seguros de accidentes e responsabilidade social para cubrir a este persoal no estranxeiro.



- Contratos postdoutorais: axudas para o establecemento da súa propia liña de investigación.

A entidade beneficiaria debe asumir o custo da contratación que exceda da axuda concedida así como calquera incremento retributivo correspondente a anos posteriores do persoal investigador contratado, incrementos da cota a conta da entidade empregadora da seguridade social ou calquera outra incidencia.

- Posta en marcha dun programa de captación de talento con financiamento adicional nos salarios dos contratos e fondos para investigación en liñas de especialización do Campus Auga para persoal investigador Juan de la Cierva, Ramón y Cajal, Beatriz Galindo... Contarase coa participación do Comité Consultivo de Persoas Expertas tanto para o deseño do programa e das súas convocatorias como para os comités de selección das candidaturas.

O orzamento proposto permitirá costear os salarios das persoas contratadas, así como a cota a conta da entidade empregadora da seguridade social do persoal contratado

A entidade beneficiaria debe asumir o custo da contratación que exceda da axuda concedida así como calquera incremento retributivo correspondente a anos posteriores do persoal investigador contratado, incrementos da cota a conta da entidade empregadora da seguridade social ou calquera outra incidencia.

- Promoción da mobilidade do persoal investigador mediante estancias de investigación e programas de intercambio de duración superior a 1 mes.
- Axudas para a visita de persoal investigador no Campus Auga.

3.2. Programa de fortalecemento de infraestruturas de investigación en coordinación co comité Consultivo de persoas expertas e participación no "Subprograma Estatal de Infraestructuras de Investigación y Equipamiento Científico-Técnico" ou outros similares a nivel europeo. Dentro deste programa, non se considerarán subvencionables nin os gastos en ordenadores, equipamento ou material informático de uso xeral, nin as reparacións de infraestruturas e equipamento.

3.3. Programa Proxectos de investigación.

- Fortalecemento do Programa INOU de proxectos colaborativos, establecendo o subprograma INOU+ destinado a perfís investigadores de alto potencial e cunha traxectoria destacada que precisen desenvolver a súa capacidade de liderado, para así situarse nunha posición óptima que lles permita no futuro relanzar a súa carreira científica.

3.4. Programa de contratación de persoal técnico de laboratorio.

- Para potenciar o desenvolvemento de tódalas liñas de investigación faise necesaria a contratación de persoal técnico de laboratorio para apoiar nas tarefas de investigación. O orzamento proposto permitirá costear os salarios do persoal contratado, así como a cota a conta da entidade empregadora da seguridade social do persoal contratado.

ACTUACIÓN 4: TRANSFERENCIA E INNOVACIÓN

TRANSFERENCIA E INNOVACIÓN	2024	2025	2026	2027	Σ período (€)
4.1. Creación mapa transferencia/carteira servizos	4.000	--	--	--	4.000 €
4.2. Formación emprendemento	3.000	6.000	6.000	3.000	18.000 €
4.3. Programa protección resultados investigación	0	5.000	5.000	2.500	12.500 €
4.4. Programa financiamento transferencia tecnoloxía	3.000	15.000	15.000	15.000	48.000 €
4.5. Eventos Networking e Transferencia	32.200	40.000	40.000	14.000	126.200 €
<i>Desenvolvemento de estratexias efectivas de comunicación</i>	6.000	--	--	--	
<i>Organización de congresos, conferencias e simposios de carácter científico</i>	18.000	20.000	20.000	10.000	
<i>Organización de eventos ou conferencias que fomenten encontro persoal investigador /industria</i>	2.000	8.000	8.000	4.000	
<i>Premios Campus Auga</i>	6.200	12.000	12.000	0	
4.6. Potenciar o I+D+i agroalimentario mediante colaboracións institucionais	0	0	0	0	0 €
TOTAIS	42.200	66.000	66.000	34.500	208.700€

A transferencia de coñecemento e tecnoloxía, dende un campus de especialización, cara a industria e a sociedade é un compoñente chave para maximizar o impacto da investigación. Unha implantación exitosa das accións de transferencia require unha coordinación efectiva entre a Universidade, a industria e outros axentes interesados. A flexibilidade e a adaptabilidade son claves, xa que as necesidades de transferencia poden

variar ao longo do tempo en función das demandas cambiantes do mercado. As liñas de actuación do Campus Auga na dimensión de Transferencia son as seguintes:

4.1 Creación do mapa de transferencia e carteira de servizos do Campus Auga.

- Creación do catálogo de servizos e capacidades dos grupos de investigación.
- Facilitación do acceso de empresas ás instalacións e laboratorios do campus para probas piloto, validación de tecnoloxías e desenvolvemento conxunto de proxectos.

4.2. Formación para o emprendemento:

- Programas de formación e asesoramento específicos para persoas emprendedoras que busquen converter a investigación en produtos ou servizos comercializables
- Creación de Spin-offs e Empresas Emerxentes: facilitación e apoio para a creación de novas empresas que poidan levar ao mercado produtos, servizos ou tecnoloxías derivadas da investigación do campus.
- Creación dun Venture Lab, un punto de encontro de persoas emprendedoras e stakeholders externos.
- Inclusión dunha materia transversal de emprendemento nas titulacións do Campus Auga, comezando a nivel de mestrado.

4.3. Programa de protección de resultados de investigación e patentes.

4.4. Programa de financiamento de transferencia de tecnoloxía.

- Programa de financiamento de proxectos de transferencia.
- Promoción de firmas de Cátedras de I+D+i con empresas/institucións.

4.5. Eventos de Networking e Transferencia.

- Desenvolvemento de estratexias efectivas de comunicación para difundir os resultados da investigación á comunidade académica, a industria agroalimentaria, o sector termal e o público en xeral.

- Organización de eventos, feiras ou conferencias que fomenten o encontro entre persoal investigador e representantes da industria para promover a transferencia de coñecementos e tecnoloxías.
- Potenciación dos Premios Campus Auga de Transferencia e Investigación.

4.6. Potenciar o I+D+i agroalimentario galego mediante colaboracións institucionais. O Campus Auga, a través do seu Instituto de Agroecoloxía e Alimentación (IAA), fomentará as sinerxías e proxectos conxuntos cos centros tecnolóxicos de Galicia e clústeres, que traballan no eido agroalimentario e medioambiental. Ademais, estableceranse colaboracións entre o Campus Auga e outros campus de especialización do SUG.

ACTUACIÓN 5: EQUIPO DE XESTIÓN DO CAMPUS AUGA

EQUIPO DE XESTIÓN	2024	2025	2026	2027	Σ período (€)
5.1. Programa de internacionalización da investigación	0	6.500	6.500	3.000	16.000 €
5.2. Programa contratación xestor técnico I+D+i	6.667	40.000	40.000	20.000	106.667 €
TOTAIS	6.667	46.500	46.500	23.000	122.667 €

A consolidación dunha estrutura de xestión con capacidade transversal de apoio ao seu desenvolvemento estratéxico constitúe un elemento de gran potencial para maximizar o impulso do Campus Auga na consecución dos seus obxectivos de especialización. As liñas de actuación do Campus Auga no valor transversal Equipo de xestión son as seguintes:

5.1. Programa de internacionalización da investigación. Para incrementar o nivel de internacionalización da investigación e acceder a fontes de financiamento europeas, contarase, de maneira puntual, con servizos externos de consultoría que permitan optimizar a identificación de oportunidades e mellorar o deseño das propostas para o programa Horizonte Europa 2021-2027, Interreg...

Os servizos deste persoal de consultoría contribuirán a potenciar as colaboracións interinstitucionais internacionais do Campus Auga. Á súa vez, isto servirá para fomentar tanto a participación en plataformas tecnolóxicas e redes de investigación como o establecemento de alianzas estratéxicas con outras institucións de investigación nacionais e internacionais, promovendo a colaboración e compartindo recursos.



5.2. Programa de contratación de persoal xestor técnico de I+D+i. Este persoal incorporarase ao Equipo de Xestión do Campus Auga para dar servizo a tódolos grupos de investigación, apoiando e dinamizando a innovación e a transferencia de I+D+i deste campus de especialización. O orzamento proposto permitirá costear os salarios das persoas contratadas, así como a cota a conta da entidade empregadora da seguridade social do persoal contratado. A entidade beneficiaria debe asumir o custo da contratación que exceda da axuda concedida así como calquera incremento retributivo correspondente a anos posteriores do persoal contratado, incrementos da cota a conta da entidade empregadora da seguridade social ou calquera outra incidencia.

TERCEIRA.- Obrigas

De acordo coa lexislación vixente, as partes comprométense:

A Consellería comprométese a colaborar no financiamento do gasto realizado pola UVigo para impulsar as accións descritas neste convenio.

A UVigo comprométese a desenvolver as accións descritas e a someterse a avaliación continua do desenvolvemento das accións específicas para o Campus de Especialización, así como a facer constar en calquera tipo de publicidade e información que realice ao respecto a participación e a colaboración da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a reflectir o logotipo da Xunta de Galicia nun lugar destacado de tódolos bens, produtos, servizos, actos, documentación, materiais de difusión etc., tanto físicos como virtuais, financiados total ou parcialmente con cargo ao presente convenio.

A UVigo comprométese a someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo órgano concedente, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Así mesmo, a UVigo comprométese a cumprir calquera outra obriga establecida no artigo 40 do Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, en relación co artigo 11 da citada Lei.

A UVigo tamén se compromete a facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos, en particular as enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i. Os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia. No marco de seguimento e avaliación da RIS3 Galicia desenvolverase un seguimento específico das axudas concedidas. Este seguimento estará baseado na recompilación de información acerca dos resultados económicos e científico-técnicos obtidos polas entidades beneficiarias. A tales efectos, durante a execución e ao finalizar a axuda (expost), as entidades beneficiarias deberán proporcionar información relativa a unha serie de indicadores, entre os que se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+i.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a UVigo non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

CUARTA.- Financiamento

A dotación da Consellería para este convenio é de tres millóns douscentos cincuenta e seis mil oitocentos cincuenta euros (3.256.850 €), con cargo á aplicación orzamentaria 37.02.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129) no marco do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021, DOG número 248, do 28 de decembro). A anualidade do 2027 integrarase no novo plan de financiamento, sempre que así o permitan as dispoñibilidades orzamentarias.

O reparto deste importe por anualidades é o seguinte:

ANUALIDADES	2024	2025	2026	2027	TOTAL
	428.450 €	1.008.000 €	1.205.900 €	614.500 €	3.256.850 €

Esta cantidade de 3.256.850 € trátase dun importe certo e corresponde ao financiamento das actividades recollidas neste convenio, estando ao disposto no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Os importes das axudas irán destinados a financiar os seguintes conceptos, sempre que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades obxecto do convenio e se teña cumprido coa obriga de informar da participación da Consellería a través da inclusión do logotipo da Xunta de Galicia segundo se recolle na cláusula terceira:

- Custo de contratación de persoal investigador, persoal xestor etc.
- Equipamento inventariable, material funxible e mobiliario; pequenas reformas; dotación de laboratorios.
- Material bibliográfico, cotas asociacións, congresos, coloquios etc., así como adhesión a sociedades científicas.
- Organización de actividades de difusión, así como presenza en medios de comunicación, vídeos, xornadas e reunións científicas.
- Dietas de viaxe e aloxamento.
- Actividades formativas: cursos e talleres.
- Axudas á organización de reunións e congresos.
- Xestión de patentes.
- Ferramentas de xestión do coñecemento e da información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, licenzas etc.
- Servizo de consultaría e asesoramento externo para estudos, traballos técnicos e actividades complementarias.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola Consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

QUINTA.- Fórmula de pagamento

Para o pagamento, a universidade achegará antes do 30 de novembro de cada anualidade:

- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.
- Un informe relativo ao cumprimento das recomendacións emitidas polo Comité de Avaliación no informe final do proceso de avaliación, así como presentar os indicadores de execución e resultado recollidos no protocolo.
- Unha conta xustificativa, que deberá incluír unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos, e a memoria económica das actividades realizadas que, como mínimo, deberá desagregar de forma individualizada cada unha das actuacións descritas neste Convenio (5), cos conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados, así como calquera outra información considerada relevante. Na memoria debe acreditarse tamén a inclusión do logotipo da Xunta de Galicia en calquera produto, servizo, evento etc., físico ou virtual, relacionado ou derivado destas actividades (de acordo coa cláusula terceira deste convenio). En todo caso, a Universidade deberá custodiar e conservar toda a documentación xustificativa derivada dos compromisos deste convenio (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, xustificantes de transferencias bancarias ou calquera outra que

sexa necesaria) e poñela a disposición do órgano xestor, ou demais órganos de control, no momento en que esta lle poida ser requirida.

- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.
- Unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

Os pagamentos correspondentes ás nóminas e seguridade social dos meses de novembro e decembro de cada anualidade presentaranse como xustificante de gasto do ano seguinte.

Así mesmo, os pagamentos realizados no mes de decembro das anualidades de 2024, 2025 e 2026 poderán presentarse como xustificante de gasto do ano seguinte, ante a imposibilidade de presentalos na anualidade correspondente por estar rematado o período de xustificación.

Ademais, por mor das características da evolución dinámica do Campus Auga, poderá redistribuírse o orzamento dos subapartados de cada actuación dentro dunha mesma anualidade, sempre que se manteña o orzamento global da actuación e previa autorización da comisión de seguimento establecida na cláusula sétima.

Para o pagamento da anualidade do 2027, UVigo achegará a documentación que figura nesta cláusula antes do 1 xullo de 2027, correspondendo como gastos subvencionables os comprendidos ata o 31 de maio de 2027.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido nesta cláusula comportará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas, de acordo co artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.- Responsabilidade



A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal profesional que vaia desenvolver as actividades e a Consellería, de tal xeito que non se lle pode esixir a esta responsabilidade ningunha, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, un ou unha das cales ostentará a presidencia.
- Tres membros da Universidade de Vigo.

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, e promoverá, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

A Dirección do Campus Auga deberá entregar á Comisión de Seguimento o grao de cumprimento dos indicadores establecidos no anexo I deste convenio antes do 10 de novembro de cada anualidade.

A Comisión de Seguimento poderá reunirse para examinar o grao de avance dos indicadores e emitir instrucións e/ou recomendacións coa finalidade de orientar ao Campus Auga ao cumprimento das metas establecidas na táboa de indicadores – Anexo I deste convenio.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola Consellería.

OITAVA.- Pagamentos a conta

De acordo co previsto no parágrafo primeiro do artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagos a conta. Os ditos pagos poderán supoñer a realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada.

Sen prexuízo do establecido na cláusula quinta, poderá realizarse adicionalmente outro pagamento a conta anual, agás na última anualidade. No caso desa última anualidade, non se permitirán pagos a conta. Só será posible un único pagamento final polo importe máximo establecido no convenio.

O pagamento a conta poderá supoñer a realización dun pagamento fraccionado que responderá ao ritmo de execución das accións subvencionadas. Este pagamento adicional ao establecido na cláusula quinta deberá cumprir dúas condicións:

- Deberá presentarse a documentación xustificativa antes do 30 de setembro.
- O importe conxunto dos pagamentos a conta non excederán da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Así mesmo, establécese que non poderá ser inferior ao 50% da porcentaxe subvencionada correspondente ao pagamento xustificado en cada anualidade.

O importe restante pagarase unha vez xustificada e realizada a totalidade da actividade subvencionada.

Para proceder ao seu pagamento a UVigo deberá enviar a documentación xustificativa prevista na cláusula quinta.

A realización de pagos a conta quedará condicionada ao cumprimento, pola parte beneficiaria, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A realización de pagamentos a conta está exenta da constitución de garantías por parte das universidades, de acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co



artigo 53 da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

NOVENA.- Modificación do convenio

Consonte co disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas presentes cláusulas, poderá dar lugar á modificación do presente convenio.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital da última persoa asinante, sen prexuízo de que se poidan atender accións realizadas desde o 08 de febreiro de 2024, e terá vixencia ata o 30 de setembro de 2027, sen prexuízo de que os gastos subvencionables abarquen ata o 31 de maio de 2027.

UNDÉCIMA.- Extinción do convenio

Non obstante ao establecido na cláusula anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha delas ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. Así mesmo, o convenio extinguirase polas causas previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de

réxime xurídico do sector público. En calquera destes casos, así como no caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por cada unha das partes, procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG (DOG núm. 125, do 3 de xullo) corresponde á Xunta de Galicia, a través da Consellería, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión...

O procedemento de acreditación como campus de especialización esténdese ás tres universidades do SUG, potenciando a identidade propia de cada un dos seus campus a través da especialización e concretándose na promoción, deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento da súa actividade investigadora.

A tal fin, asinaranse convenios singulares coas outras universidades do SUG que soliciten, e lles sexa outorgada segundo o procedemento establecido, a acreditación para os seus respectivos campus. Polo tanto, non é necesario promover a concorrência competitiva por tratarse dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin.

O presente convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (DOUE C 414/1 do 28 de outubro de 2022), a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2.1.c) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG).

Non obstante, a UVigo deberá garantir que as actividades derivadas deste convenio axústanse ás normas procedimentais e materias vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á Consellería por medio da comisión de seguimento.

DÉCIMO TERCEIRA.- Publicidade

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a UVigo consente expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados nese decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puidera facer a beneficiaria no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

Así mesmo, as partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste, así como o resto das especificacións contidas neste, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e segundo o disposto nos artigos 3.1.b) e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a información correspondente ao presente convenio publicárase na Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente

Román Rodríguez González

Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Reitor da Universidade de Vigo (UVigo)

ANEXO I

TÁBOA DE INDICADORES E OBXECTIVOS (PERÍODO 2024 – 2027)

a) Dimensión 1: Gobernanza

Está formada por 8 indicadores de execución e 5 indicadores de seguimento. Ten unha ponderación do 5%.

DIMENSIÓN 1: GOBERNANZA (Ponderación 5 %)						
INDICADORES DE EXECUCIÓN						
	INDICADOR	PONDERACIÓN (100%)	SITUACIÓN 2023	OBXECTIVO 08/2025	OBXECTIVO 02/2027	UNIDADE DE MEDIDA
E1	Nº de sesións realizadas polos órganos de goberno	12.50 %	1 por ano	2 por ano	2 por ano	Bruto anual
E2	Deseño da estratexia de comunicación	12.50 %	N/A	A estratexia	A estratexia	Valor absoluto (2024)
E3	Elaboración do kit de comunicación	12.50 %	N/A	O kit de comunicación	O kit de comunicación	Valor absoluto (2024)
E4	Deseño e construción de canais de comunicación bidireccional	12.50 %	N/A	Os canais de comunicación	Os canais de comunicación	Valor absoluto (2024)
E5	Mantemento dos canais de comunicación e actividades	12.50 %	N/A	Informe anual dos canais de comunicación e actividades desenvoltas	Informe anual dos canais de comunicación e actividades desenvoltas	Valor absoluto (anual)
E6	Reunións do <i>think tank</i> de estratexia	12.50 %	N/A	2 por ano, excepto 2024 (constitución + 1 reunión)	2 por ano, excepto 2024 (constitución + 1 reunión)	Bruto anual
E7	Reflexión sobre a estratexia do Campus 2027-2030	12.50 %	A estratexia	N/A	A estratexia	Valor absoluto



			anterior (2024-2027)			(2026)
E8	Elaboración do plan estratéxico	12.50 %	O plan estratéxico anterior (2024-2027)	N/A	O plan estratéxico	Valor absoluto (2026)
INDICADORES DE SEGUIMIENTO						
	INDICADOR	PONDERACIÓN (115%)	SITUACIÓN 2023	OBXECTIVO 08/2025	OBXECTIVO 02/2027	UNIDADE DE MEDIDA
S1	Resultado das enquisas a membros dos órganos de goberno	25 %	N/A	N/A	>75% positivas e / ou mellora $\geq 200\%$ entre a enquisa ao inicio e ao final do período	Taxa anual e/ou Taxa mellora (2024 e 2026)
S2	Resultado das enquisas de satisfacción da comunidade respecto á gobernanza	25 %	N/A	N/A	>75% positivas e / ou mellora $\geq 200\%$ entre a enquisa ao inicio e ao final do período	Taxa anual e/ou Taxa mellora (2024 e 2026)
S3	Resultado das enquisas ao sector produtivo agroalimentario e termal, tanto público como privado, sobre a súa percepción do Campus Auga	35 %	N/A	N/A	Mellora $\geq 200\%$ no período (entre enquisa ao inicio e ao final).	Taxa mellora (2024 e 2026)
S4	Nº e natureza dos conflitos resoltos de maneira efectiva	10 %	N/A	1	2	Bruto anual
S5	Tempo promedio en aplicar decisións dos órganos de goberno (días)	20 %	30 días	20 días	10 días	Media anual

b) Dimensión 2: Docencia

Está formada por 29 indicadores de execución e 24 indicadores de seguimento. Ten unha ponderación do 40%.

DIMENSIÓN 2: DOCENCIA (Ponderación 40 %)						
INDICADORES DE EXECUCIÓN						
	INDICADOR	PONDERACIÓN (100%)	SITUACIÓN 2023	OBXECTIVO 08/2025	OBXECTIVO 02/2027	UNIDADE DE MEDIDA
E9	Dobre grao Enxeñaría Agraria/Ciencia e Tecnoloxía de Alimentos	3.45%	N/A	Posta en marcha e número de matriculados/as*	Posta en marcha e número de matriculados/as*	Bruto anual
E10	Dobre grao Enxeñaría Agraria/Ciencias ambientais	3.45%	N/A	Posta en marcha e número de matriculados/as*	Posta en marcha e número de matriculados/as*	Bruto anual
E11	Dobre grao Enxeñaría Agraria/ Sensórica	3.45%	N/A	Posta en marcha e número de matriculados/as*	Posta en marcha e número de matriculados/as*	Bruto anual
E12	Mestrado en Viticultura y Enoloxía	3.45%	N/A	Posta en marcha e número de matriculados/as*	Posta en marcha e número de matriculados/as*	Bruto anual
E13	Mestrado de Hidroloxía/Termalismo	3.45%	N/A	Posta en marcha	Posta en marcha	Valor absoluto (período)
E14	Mestrado de Economía circular	3.45%	N/A	Posta en marcha e número de matriculados/as*	Posta en marcha e número de matriculados/as*	Bruto anual
E15	Grao sobre "Sensórica" nos sectores agrícolas e alimentario	3.45%	N/A	Posta en marcha	Posta en marcha	Valor absoluto (período)
E16	Grao sobre a transformación tecnolóxica nos sectores agrícolas e alimentario	3.45%	N/A	Posta en marcha	Posta en marcha	Valor absoluto (período)

E17	Programa de formación continua	3.45%	N/A	Posta en marcha e número de matriculados/as*	Posta en marcha e número de matriculados/as*	Bruto anual
E18	Programas de Visitas e Días de Portas Abertas	3.45%	1 día portas abertas	2 días de portas abertas	3 días de portas abertas	Bruto anual
E19	Nº asistentes ás Xornadas "Coñece o Campus Auga"	3.45%	400	600	800	Bruto anual
E20	Programa de visitas a centros de FP e Bacharelato	3.45%	10 centros visitados	15 centros visitados	20 centros visitados	Bruto anual
E21	Participación en Feiras de Orientación Educativa	3.45%	N/A	1 feira / ano	2 feiras / ano	Bruto anual
E22	Número de asistentes á feira "Exxperimenta en feminino".	3.45%	250 asistentes	325 asistentes	400 asistentes	Bruto anual
E23	Programa "Becas Ourense Rural"	3.45%	29 becas / ano	45 becas / ano	60 becas / ano	Bruto anual
E24	Dinamizar a presenza en Redes Sociais	3.45%	N/A	Informe anual de acciones de dinamización	Informe anual de accións de dinamización	Valor absoluto (anual)
E25	Campaña de <i>marketing</i> dixital	3.45%	N/A	Informe anual de acciones de la campaña	Informe anual de accións da campaña	Valor absoluto (anual)
E26	Xornadas de mentoría e conferencias cos diferentes colexios profesionais e egresados/as	3.45%	N/A	Celebración das xornadas	Celebración das xornadas	Valor absoluto (anual)
E27	Fortalecer a Feira de "EmpregoInCampus" do Campus de Ourense coa presenza dun maior número de empresas/institucións	3.45%	35 empresas / institucións	40 empresas / institucións	45 empresas / institucións	Bruto anual
E28	Número de estudantes que realizan prácticas curriculares e extracurriculares en empresas	3.45%	≥ 50 estudantes / ano	≥62 estudantes / ano	≥75 estudantes / ano	Bruto anual (inicio 2024)
E29	Número de empresas nas que o alumnado realiza as prácticas curriculares e extracurriculares	3.45%	40 empresas	≥ 50 empresas	≥ 60 empresas	Bruto anual
E30	Programa "English-friendly"	3.45%	20 materias	25 materias	30 materias	Bruto anual (inicio 2024)
E31	Acordos de cooperación interinstitucional con Universidades estranxeiras	3.45%	1 acordo	1 acordo	3 acordos	Bruto agregado (período)
E32	Novas infraestruturas docentes.	3.45%	N/A	Iniciar o programa e breve informe	Iniciar o programa e breve informe	Valor absoluto (anual)



				anual das infraestruturas adquiridas	anual das infraestruturas adquiridas	
E33	Actualización e optimización de equipamento docente.	3.45%	N/A	Nº de equipos actualizados	Nº de equipos actualizados	Bruto anual (inicio 2024)
E34	Renovación de pequeno equipamento para prácticas.	3.45%	N/A	≥ 5 / ano	≥ 5 / ano	Bruto anual (inicio 2024)
E35	Programa de visitas a industrias e institucións	3.45%	10 visitas	15 visitas	20 visitas	Bruto anual (inicio 2024)
E36	Programas de Formación continua do profesorado.	3.45%	N/A	10 docentes	20 docentes	Bruto anual (inicio 2024)
E37	Novas contratacións docentes da UVigo con destino no Campus Auga	3.45%	N/A	3 contratos	6 contratos	Bruto agregado (período)
INDICADORES DE SEGUIMIENTO						
	INDICADOR	PONDERACIÓN (180%)	SITUACIÓN 2023	OBXECTIVO 08/2025	OBXECTIVO 02/2027	UNIDADE DE MEDIDA
S6	Estudo de viabilidade do programa "Becas Ourense Rural"	5 %	N/A	O estudo	O estudo	Valor absoluto (2024)
S7	Programa de visitas a centros de FP e Bacharelato: impacto	5 %	N/A	Incremento do 5 % desde 2024 do alumnado captado procedente destes centros	Incremento do 10% entre 2024 e 2026 de alumnado captado procedente destes centros	Taxa incremento período
S8	Programa de visitas a centros de FP e Bacharelato: valoración profesorado	5 %	N/A	Valoración media de 3 sobre 5	Valoración media de 3 sobre 5	Media anual
S9	Programa de visitas a centros de FP e Bacharelato: valoración alumnado	5 %	N/A	Valoración media de 3 sobre 5	Valoración media de 3 sobre 5	Media anual

S10	Prácticas curriculares e extracurriculares en empresas: impacto na empregabilidade a 3 anos	5 %	N/A	40 % do alumnado que realiza prácticas ten emprego 3 anos despois de rematalas.	50 % do alumnado que realiza prácticas ten emprego 3 anos despois de rematalas.	Taxa anual
S11	Prácticas curriculares e extracurriculares en empresas: valoración alumnado	5 %	N/A	Valoración media de 3 sobre 5	Valoración media de 3 sobre 5	Media anual
S12	Prácticas curriculares e extracurriculares en empresas: valoración empresas	5 %	N/A	Valoración media de 3 sobre 5	Valoración media de 3 sobre 5	Media anual
S13	O programa "English-friendly"	5 %	N/A	50% satisfacción entre o alumnado	60 % satisfacción entre o alumnado	Taxa anual
S14	Programas de Formación continua do profesorado	5 %	N/A	50% satisfacción	70% satisfacción	Taxa anual
S15	Cobertura de prazas nos graos	10 %	75 %	80,0 %	85 %	Taxa anual
S16	Cobertura de prazas nos mestrados	10 %	80 %	82,5 %	85 %	Taxa anual
S17	Taxa de graduación nos graos	10 %	50 %	55,0 %	60 %	Taxa anual
S18	Taxa de graduación nos mestrados	10 %	60 %	67,5 %	75 %	Taxa anual
S19	Nº de títulos interuniversitarios de grao vixentes (autonómicos, nacionais, internacionais)	5 %	1	1	2	Bruto agregado (período)
S20	Nº de títulos interuniversitarios de mestrado vixentes (autonómicos, nacionais internacionais)	5 %	1	1	2	Bruto agregado (período)
S21	Nº de estudantes que participan en programas de mobilidade (saíntes)	10 %	65	37	75	Bruto agregado (período)
S22	Nº de estudantes que participan en programas de mobilidade (entrantes)	10 %	25	15	30	Bruto agregado (período)
S23	Nº de docentes que participan en programas de mobilidade docente (saíntes)	10 %	10	7	15	Bruto agregado (período)
S24	Nº de docentes que participan en programas de mobilidade docente (entrantes)	10 %	4	3	7	Bruto agregado (período)
S25	Nº de créditos de grao impartidos en inglés. Acumularanse anualmente créditos, sempre que correspondan a distintas materias.	15 %	60 créditos / ano	90 créditos / ano	120 créditos / ano	Bruto anual

S26	Nº de créditos de mestrado impartidos en inglés	15 %	20 créditos / ano	35 créditos / ano	35 créditos / ano	Bruto anual
S27	Cobertura de prazas nos programas de doutoramento	5 %	75 %	80 %	85 %	Taxa anual
S28	Nº de actividades docentes: Congresos/ciclo conferencias	5 %	1	1	3	Bruto agregado (período)
S29	Nº de actividades docentes : Seminarios	5 %	5	3	7	Bruto agregado (período)

c) Dimensión 3: Investigación

Está formada por 20 indicadores de ejecución e 17 indicadores de seguimento. Ten unha ponderación do 40%.

DIMENSIÓN 3: INVESTIGACIÓN (Ponderación 40 %)						
INDICADORES DE EXECUCIÓN						
	INDICADOR	PONDERACIÓN (100%)	SITUACIÓN 2023	OBXECTIVO 08/2025	OBXECTIVO 02/2027	UNIDADE DE MEDIDA
E38	Seguimento da planificación e o financiamento invertido no desenvolvemento e actualización das liñas de investigación	5 %	N/A	Informe anual de seguimento da planificación de actividades de financiamento	Informe anual de seguimento da planificación de actividades de financiamento	Valor absoluto (anual)
E39	Predoutorais contratados/as con cargo a esta acción 1a	5 %	N/A	6 contratos / ano	6 contratos / ano	Bruto anual
E40	Postdoutorais contratados/as con cargo a esta acción 1a	5 %	N/A	2 contratos / ano	2 contratos / ano	Bruto anual
E41	Postdoutorais Ramón y Cajal e asimilables captados/as pola acción 1b. Complemento salario	5 %	N/A	2 contratos con complemento / ano	2 contratos con complemento / ano	Bruto anual (inicio 2025)
E42	Estancias de persoal investigador do Campus noutros centros (nacionais) con duración mínima de 1 mes. Acción 1c	5 %	N/A	3 estancias / ano	3 estancias / ano	Bruto anual (inicio 2025)

E43	Estancias de persoal investigador do Campus noutros centros (internacionais) con duración mínima de 1 mes. Acción 1c	5 %	N/A	1 estancia / ano	1 estancia / ano	Bruto anual (inicio 2025)
E44	Visitas de persoal investigador ao Campus (nacionais). Acción 1d	5 %	N/A	2 visitas / ano	2 visitas / ano	Bruto anual
E45	Visitas de persoal investigador ao Campus (internacionais). Acción 1d	5 %	N/A	1 visita / año	1 visita / ano	Bruto anual
E46	Infraestruturas adquiridas con cargo á acción 2	5 %	N/A	250.000 €	500.000 €	Bruto agregado (período)
E47	Infraestruturas adquiridas con fondos externos	5 %	N/A	N/A	Xustificación de participación nas convocatorias existentes.	Valor absoluto (período)
E48	Grupos beneficiados pola acción 2	5 %	N/A	2 grupos	5 grupos	Bruto agregado (período)
E49	Nº de proxectos INOU	5 %	9 proxectos	6 proxectos	12 proxectos	Bruto anual
E50	Nº. de grupos beneficiarios polos proxectos INOU	5 %	5 grupos	7 grupos	15 grupos	Bruto agregado (período)
E51	Financiamento percibido da Xunta para os proxectos INOU. Explicación da natureza, destino e finalidade do financiamento recibido doutros organismos como a Deputación.	5 %	N/A	75.000 € (financiamento da Xunta)	150.000 € (financiamento da Xunta) + Breve informe sobre o financiamento recibido doutros organismos.	Bruto agregado (período)
E52	Nº de plataformas, redes etc. nas que se participa	5 %	10	15	20	Bruto agregado (período)
E53	Nº de grupos de investigación con colaboracións interinstitucionais	5 %	10 grupos	7 grupos	14 grupos	Bruto agregado (período)
E54	Persoal técnico contratado	5 %	N/A	2 contratos	4 contratos	Bruto agregado (período)
E55	Grupos de investigación beneficiados pola contratación de persoal técnico de laboratorio e I+D	5 %	N/A	4 grupos	8 grupos	Bruto anual

E56	Propostas de financiamento europeo e internacional realizadas a través da consultora	5 %	N/A	3 / ano	3 / año	Bruto anual
E57	Éxito na adxudicación de proxectos europeos e internacionais	5 %	N/A	N/A	20%	Taxa agregada (período)
INDICADORES DE SEGUIMIENTO						
	INDICADOR	PONDERACIÓN (176%)	SITUACIÓN 2023	OBXECTIVO 08/2025	OBXECTIVO 02/2027	UNIDADE DE MEDIDA
S30	Nº de publicacións en D1 (Scopus o WoS)	20 %	20	15	30	Bruto agregado (período)
S31	Nº de libros	2 %	5	4	9	Bruto agregado (período)
S32	Nº de capítulos de libros	2 %	25	20	40	Bruto agregado (período)
S33	Nº de comunicacións en congresos	2 %	35	25	50	Bruto agregado (período)
S34	Nº de proxectos competitivos novos (autonómicos, nacionais, internacionais)	20 %	2 / ano	4 / ano	4 / ano	Bruto anual
S35	Nº de grupos recoñecidos pola Xunta de Galicia por categoría (GRC, GPC...)	20 %	9	5	11	Bruto agregado (período)
S36	Nº de sexenios novos concedidos	5 %	12	7	15	Bruto agregado (período)
S37	Cantidade de fondos captados en proxectos competitivos (autonómicos, nacionais, internacionais) no período	20 %	2.500.000 €	1.500.000 €	3.000.000 €	Bruto agregado (período)
S38	Teses doutorais	10 %	10	7	15	Bruto agregado (período)
S39	Teses doutorais con mención internacional	5 %	5	4	8	Bruto agregado (período)
S40	Teses de doutoramento Industrial	10 %	0	0	1	Bruto agregado (período)
S41	Nº de investigadores/as predoutorais captados/as por tipo de convocatoria (autonómica, nacional, europea), sen considerar a captación por financiamento propio do	10 %	8	5	10	Bruto agregado (período)

	Campus Auga.					
S42	Nº de investigadores/as postdoutorais captados/as por tipo de convocatoria (autonómica, nacional, europea), sen considerar a captación por financiamento propio do Campus Auga.	20 %	4	3	6	Bruto agregado (período)
S43	Nº de publicacións Scopus	10 %	250	150	300	Bruto agregado (período)
S44	Nº de publicacións Scopus con outros grupos de investigación nacionais	5 %	40	30	60	Bruto agregado (período)
S45	Nº de publicacións Scopus con outros grupos de investigación internacionais	5 %	75	50	100	Bruto agregado (período)
S46	Nº de publicacións Scopus Q1	10 %	150	100	200	Bruto agregado (período)

d) Dimensión 4: Transferencia e innovación

Está formada por 18 indicadores de execución e 9 indicadores de seguimento. Ten unha ponderación do 15%.

DIMENSIÓN 4: TRANSFERENCIA E INNOVACIÓN (Ponderación 15 %)						
INDICADORES DE EXECUCIÓN						
	INDICADOR	PONDERACIÓN (100%)	SITUACIÓN 2023	OBXECTIVO 08/2025	OBXECTIVO 02/2027	UNIDADE DE MEDIDA
E58	Catálogo de servizos.	5,56 %	N/A	O catálogo	O catálogo	Valor absoluto (2024)
E59	Protocolo de acceso e uso de instalacións por empresas.	5,56 %	N/A	O protocolo	O protocolo	Valor absoluto (2024)
E60	Servizos científico-técnicos demandados por empresas.	5,56 %	N/A	Informe dos servizos demandados e listado de empresas	Informe dos servizos demandados e listado de empresas	Valor absoluto (anual)



				demandantes	demandantes	
E61	Formación para o emprendemento. Definición do formato e posta en execución.	5,56 %	N/A	Deseño e posta en marcha	Deseño e posta en marcha	Valor absoluto (2024)
E62	Número de participantes do programa de formación para o emprendemento.	5,56 %	N/A	15	30	Bruto agregado (período)
E63	Creación de Venture Lab.	5,56 %	N/A	Deseño e inclusión en Icuvi Emprande	Deseño e inclusión en Icuvi Emprande	Valor absoluto (período; inicio 2024)
E64	Patentes nacionais e internacionais solicitadas.	5,56 %	1	1	2	Bruto agregado (período)
E65	Patentes nacionais e internacionais concedidas.	5,56 %	1	0	1	Bruto agregado (período)
E66	Número de proxectos de transferencia financiados.	5,56 %	N/A	1-2 proxectos	1 - 5 proxectos	Bruto agregado (período)
E67	Número de grupos de investigación que participan na acción "Programa de financiamento de transferencia de tecnoloxía".	5,56 %	N/A	1 grupo	2 grupos	Bruto agregado (período)
E68	Número de cátedras con empresas constituídas.	5,56 %	1	1	1 – 2	Bruto agregado (período)
E69	Contratación de persoa técnica de xestión da innovación.	5,56 %	N/A	Contratación en 2024	Contratación en 2024	Valor absoluto (período)
E70	Elementos de comunicación realizados (impresos, audiovisuais etc.).	5,56 %	N/A	Informe de gasto en elementos de comunicación	Informe de gasto en elementos de comunicación	Valor absoluto (anual)
E71	Eventos científicos organizados (congresos, seminarios etc.).	5,56 %	N/A	Informe dos eventos científicos organizados	Informe dos eventos científicos organizados	Valor absoluto (anual)
E72	Eventos de divulgación e comunicación social da ciencia organizados.	5,56 %	N/A	Informe dos eventos de divulgación organizados	Informe dos eventos de divulgación organizados	Valor absoluto (anual)
E73	Eventos de transferencia: ciencia-empresa.	5,56 %	N/A	Informe dos eventos de	Informe dos eventos de	Valor absoluto (anual)

				transferencia organizados	transferencia organizados	
E74	Fortalecer os Premios Campus Auga de Transferencia e Investigación.	5,56 %	5 premios	7 premios	10 premios	Bruto anual
E75	Colaboracións con TERRA establecidas (Ex. tribunais Convocatorias, proxectos, <i>papers</i> , congresos, charlas...)	5,56 %	2 colaboracións	3 colaboracións	6 colaboracións	Bruto agregado (período)
INDICADORES DE SEGUIMIENTO						
	INDICADOR	PONDERACIÓN (250%)	SITUACIÓN 2023	OBXECTIVO 08/2025	OBXECTIVO 02/2027	UNIDADE DE MEDIDA
S47	Nº de convenios de colaboración con empresas e institucións	5 %	3	2	5	Bruto agregado (período)
S48	Nº de contratos de I+D con empresas e institucións	10 %	5	5	10	Bruto agregado (período)
S49	Nº de contratos de servizos con empresas e institucións	10 %	120	75	150	Bruto agregado (período)
S50	Recursos de convenios de colaboración con empresas e institucións	5 %	80 k€	50 k€	100 k€	Bruto agregado (período)
S51	Recursos de contratos de I+D con empresas e institucións	10 %	100 k€	100 k€	200 k€	Bruto agregado (período)
S52	Recursos de contratos de servizos con empresas e institucións	10 %	150 k€	150 k€	300 k€	Bruto agregado (período)
S53	Nº de grupos operativos autonómicos/supraautonómicos ou proxectos competitivos con empresas	50 %	3	2	5	Bruto agregado (período)
S54	Patentes nacionais e internacionais en explotación.	50 %	0	0	1	Bruto agregado (período)
S55	<i>Spin-offs</i> creadas.	100 %	0	0	1	Bruto agregado (período)

e) Valor transversal: Equipo de Xestión do Campus Auga

A monitorización deste valor transversal realízase a partir de indicadores que contribúen estratexicamente a outras dimensións, debido á súa natureza de apoio ao desenvolvemento estratéxico do Campus no seu conxunto. Para evitar atribuír unha dobre ponderación a ditos indicadores, non se outorga peso específico a esta dimensión.